



GOBIERNO  
DE ESPAÑA

VICEPRESIDENCIA  
TERCERA DEL GOBIERNO  
MINISTERIO  
DE ASUNTOS ECONÓMICOS  
Y TRANSFORMACIÓN DIGITAL



Observatorio de  
Accesibilidad

# MODELO DE DECLARACIÓN DE ACCESIBILIDADE

marzo 2020



GOBIERNO  
DE ESPAÑA

VICEPRESIDENCIA  
TERCERA DEL GOBIERNO  
MINISTERIO  
DE ASUNTOS ECONÓMICOS  
Y TRANSFORMACIÓN DIGITAL



Observatorio de  
**Accesibilidad**

El presente documento cumple con las condiciones de accesibilidad del formato PDF (Portable Document Format).

Se trata de un documento estructurado y etiquetado, provisto de alternativas a todo elemento no textual, marcado de idioma y orden de lectura adecuado.

Para ampliar información sobre la construcción de documentos PDF accesibles puede consultar la guía de accesibilidad en PDFs con Adobe Acrobat 9.0 disponible en el área de documentación del Portal de la Administración Electrónica (PAe) <http://administracionelectronica.gob.es/PAe/accesibilidad/documentacion>.

Este documento ha sido elaborado gracias a la colaboración de los miembros del grupo de trabajo "Observatorio, Indicadores y Medidas" de la Comisión Sectorial de Administración Electrónica.

## ÍNDICE

---

1. INSTRUCCIONES .....	4
2. SECCIÓN 1.....	5
2.1. REQUISITOS DE CONTIDO OBRIGATORIO .....	5
2.1.1. DECLARACIÓN DE ACCESIBILIDADE .....	5
3. SECCIÓN 2.....	7
3.1. CONTIDO OPCIONAL.....	7

## 1. INSTRUCCIONES

---

O organismo do sector público deberá suprimir ou modificar o texto en cursiva segundo corresponda.

Deberán suprimirse todas as notas finais antes de publicar a declaración de accesibilidade.

A declaración de accesibilidade deberá ser fácil de localizar para o usuario. Deberá colocarse unha ligazón á declaración de accesibilidade nun lugar destacado da páxina de inicio do sitio web ou facilitarse o acceso á declaración desde cada unha das páxinas do sitio web, por exemplo a través dun encabezado ou un pé de páxina estático. Poderá usarse unha URL normalizada para a declaración de accesibilidade. No caso das aplicacións para dispositivos móbiles, a declaración deberá estar dispoñible segundo o indicado no artigo 7, apartado 1, parágrafo terceiro, da Directiva (UE) 2016/2102. A declaración tamén poderá estar dispoñible na propia aplicación para dispositivos móbiles.

## 2. SECCIÓN 1

---

### 2.1. REQUISITOS DE CONTIDO OBRIGATORIO

#### 2.1.1. DECLARACIÓN DE ACCESIBILIDADE

[Nome do organismo do sector público] comprometeuse a facer [accesible/accesibles] [o seu sitio web/os seus sitios web] [e] [a súa aplicación para dispositivos móbiles/as súas aplicacións para dispositivos móbiles], de conformidade con [a lexislación nacional pola que se traspón a Directiva (UE) 2016/2102 do Parlamento Europeo e do Consello (<sup>1</sup>)].

A presente declaración de accesibilidade aplícase a [sinalar o alcance da declaración, por exemplo, o sitio web/os sitios web ou a aplicación/as aplicacións<sup>i</sup> a que se refire a declaración, segundo sexa o caso].

#### Situación de cumprimento<sup>ii</sup>

- a) <sup>iii</sup>[Este sitio web/Estes sitios web/Esta aplicación para dispositivos móbiles/Estas aplicacións para dispositivos móbiles] [é/son] plenamente [conforme/conformes] con [xxx<sup>iv</sup>]
- b) <sup>v</sup>[Este sitio web/Estes sitios web/Esta aplicación para dispositivos móbiles/Estas aplicacións para dispositivos móbiles] [é/son] parcialmente [conforme/conformes]<sup>vi</sup> con [xxx<sup>vii</sup>] debido [ás excepcións] [e/ou] [á falta de conformidade do aspecto/dos aspectos] que se [indica/indican] a continuación.
- c) <sup>viii</sup>[Este sitio web/Estes sitios web/Esta aplicación para dispositivos móbiles/Estas aplicacións para dispositivos móbiles] aínda non [é/son] [conforme/conformes] con [xxx<sup>ix</sup>]. A continuación, [indícase/indícanse] [as excepcións] [e/ou] [o aspecto non conforme/os aspectos non conformes].

#### Contido no accesible<sup>x</sup>

O contido que se recolle a continuación non é accesible polo seguinte:

- a) falta de conformidade con [a lexislación nacional]

[Sinalar todo aspecto non conforme dos sitios web e as aplicacións correspondentes e/ou describir todo contido, sección ou funcionalidade que aínda non é conforme<sup>xi</sup>].

- b) carga desproporcionada

---

<sup>1</sup> Directiva (UE) 2016/2102 do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de outubro de 2016, sobre a accesibilidade dos sitios web e aplicacións para dispositivos móbiles dos organismos do sector público ([DO L 327 de 2.12.2016, p. 1](#)).

[Sinalar todo contido, sección ou funcionalidade respecto do que se invoca temporalmente a aplicación da excepción por carga desproporcionada de conformidade co artigo 5 da Directiva (UE) 2016/2102].

c) o contido non entra dentro do ámbito da lexislación aplicable

[Sinalar todo contido, sección ou funcionalidade non accesible que estea fóra do ámbito da lexislación aplicable].

[Sinalar, se as hai, alternativas que si sexan accesibles]

### **Preparación da presente declaración d accesibilidade**

A presente declaración foi preparada o [introducir a data<sup>xii</sup>].

[Indicar o método empregado para preparar a declaración [véxase o artigo 3, apartado 1, da Decisión de Execución (UE) 2018/1523 da Comisión (<sup>2</sup>)].

[Última revisión da declaración: [indicar a data da última revisión]<sup>xiii</sup>].

### **Observacións e datos de contacto**

[Describir o mecanismo de comunicación (e facilitar unha ligazón ao mecanismo) que debe usarse para informar o organismo do sector público de calquera incumprimento dos requisitos de accesibilidade e solicitar información e contido excluídos do ámbito de aplicación da directiva].

[Ofrecer os datos de contacto, segundo corresponda, da entidade, unidade ou persoa pertinente a cargo da accesibilidade e a tramitación das solicitudes enviadas a través do mecanismo de comunicación].

### **Procedemento de aplicación**

[Describir o procedemento de aplicación (e facilitar unha ligazón ao procedemento) ao que debe recorrerse no caso de que a resposta á notificación ou á solicitude sexa insatisfactoria, de conformidade co artigo 7, apartado 1, letra b), da directiva].

[Ofrecer os datos de contacto do organismo de execución pertinente].

---

<sup>2</sup> Decisión de Execución (UE) 2018/1523 da Comisión, do 11 de outubro de 2018, pola que se establece un modelo de declaración de accesibilidade de conformidade coa Directiva (UE) 2016/2102 do Parlamento Europeo e do Consello sobre a accesibilidade dos sitios web e aplicacións para dispositivos móbiles dos organismos do sector público ([DO L 256 de 12.10.2018, p. 103](#)).

## 3. SECCIÓN 2

---

### 3.1. CONTIDO OPCIONAL

O contido opcional que se indica a continuación pode engadirse á declaración de accesibilidade segundo se estime oportuno:

1. unha explicación do compromiso do organismo do sector público coa accesibilidade dixital, por exemplo:
  - a. a súa intención de alcanzar un maior grao de accesibilidade que o esixido pola lexislación,
  - b. as medidas correctoras que se adoptarán para facer accesible o contido dos sitios web e das aplicacións para dispositivos móbiles que non sexa accesible, incluído o calendario para a aplicación de tales medidas;
2. apoio oficial (na esfera administrativa ou política) á declaración de accesibilidade;
3. data de publicación do sitio web ou a aplicación para dispositivos móbiles;
4. data da última actualización do sitio web ou a aplicación para dispositivos móbiles tras unha revisión substancial do contido;
5. ligazón a un informe de avaliación, se se dispón del, e en particular se se indicou que o sitio web ou a aplicación para dispositivos móbiles é «a) plenamente conforme»;
6. asistencia telefónica adicional para as persoas con discapacidade e axuda para os usuarios de tecnoloxías de apoio;
7. calquera outra información que se considere apropiada.

---

<sup>i</sup> No caso das aplicacións para dispositivos móbiles, deben facilitarse os datos e a data da versión.

<sup>ii</sup> Debe escollerse unha das opcións, isto é a), b) ou c), e suprimirse o resto.

<sup>iii</sup> Debe escollerse a) só se se cumpren todos os requisitos da norma ou especificación técnica sen excepción ningunha.

<sup>iv</sup> Indicar as referencias ás normas ou especificacións técnicas, ou a referencia á lexislación nacional pola que se traspón a directiva.

<sup>v</sup> Debe escollerse b) se se cumpre a maioría dos requisitos da norma ou especificación técnica, pero con algunhas excepcións.

<sup>vi</sup> A conformidade aínda non é total e débense adoptar as medidas necesarias para que así sexa.

<sup>vii</sup> Indicar as referencias ás normas ou especificacións técnicas, ou a referencia á lexislación nacional pola que se traspón a directiva.

<sup>viii</sup> Debe escollerse c) se non se cumpre a maioría dos requisitos da norma ou especificación técnica.

<sup>ix</sup> Indicar as referencias ás normas ou especificacións técnicas, ou a referencia á lexislación nacional pola que se traspón a directiva.

<sup>x</sup> Pode suprimirse se non procede.

<sup>xi</sup> Deben describirse, evitando o uso de tecnicismos na medida do posible, os aspectos que fan que o contido non sexa accesible e indicarse as referencias aos requisitos aplicables das normas ou especificacións técnicas pertinentes que non se cumpren. Por exemplo:

---

« O formulario de inicio de sesión da aplicación para o intercambio de documentos non está totalmente adaptado para o seu uso con teclado [requisito número XXX (se procede)]».

<sup>xii</sup> Debe indicarse a data na que a declaración de accesibilidade se preparou por primeira vez tras unha avaliación dos sitios web e/ou das aplicacións para dispositivos móbiles aos que se aplica, ou a data dunha actualización posterior. Recoméndase levar a cabo unha avaliación e actualizar a declaración tras unha revisión substancial do sitio web/a aplicación para dispositivos móbiles.

<sup>xiii</sup> <sup>xiii</sup> Recoméndase revisar periodicamente, e polo menos unha vez ao ano, a exactitude da información contida na declaración. Se se revisou a declaración sen levar a cabo a avaliación completa do sitio web/a aplicación para dispositivos móbiles, independentemente de que se introducirán ou non cambios na declaración por mor da revisión, debe indicarse a data da última revisión.

Tradución o galego de: <https://www.boe.es/buscar/doc.php?id=DOUE-L-2018-81649>